



XUNTA DE GALICIA

Conselleiro de Sanidade

Julio García Comesaña

D. Luis Núñez Desiré

Presidente del Consello Galego de Veterinarios

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2021

Estimado Presidente do Consello Galego de Veterinarios,

En efecto, na última actualización da Estratexia de Vacinación introduciuse un novo grupo 3C chamado “Resto de persoal sanitario e sociosanitario non vacinado con anterioridade”. Porén, o certo é que o texto desa actualización non precisou o contido dese grupo nin foi trasladado criterio algún a este respecto aos gobernos autonómicos por parte do Ministerio.

Para garantir a máxima transparencia do proceso de vacinación, na última reunión do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, desde Galicia solicitamos do Ministerio unha aclaración sobre a súa interpretación do contido dese novo grupo, precisamente para evitar comportamentos diferentes entre comunidades autónomas como os que menciona na súa carta.

Estamos á agarda desa resposta e, en calquera caso, quero transmitirille que temos moi en conta e estudaremos con atención a súa petición, así como a doutros colectivos sanitarios que a teñen formulado na mesma liña e intentaremos darlles o antes posible unha resposta agardamos que satisfactoria.

Reciba un cordial saúdo,



Xacobeo 2021